



redacción > ferrol

A Feira do Libro de Ferrol abre hoxe no Cantón de Molíns con once postos nos que os cidadáns poderán coñecer e mercar, se o desexan, as últimas novidades editoriais e as obras imperecedeiras. Este escaparate cultural ó aire libre abre de once da mañá a dúas da tarde e de cinco a nove e incluírá presentacións de libros, firmas, actuacións musicais, xogos populares e espectáculos teatrais. A inauguración oficial está prevista para as 19.30 horas, cun pregón pronunciado por Rosa Aneiros no que intervirán tamén representantes institucionais e o coro Toxos e Froles. Pero xa pola mañá haberá actividade, orientada neste caso ós escolares. Os alumnos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia representan “Lela anda en bicicleta” (espectáculo baseado no conto “Lolo anda en bicicleta”, de Carlos Casares) no teatro Jofre ás dez e ás doce da mañá. É unha obra dirixida a escolares de 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria.

Rosa Aneiros naceu en Valdoviño en 1976 e conta cunha recoñecida traxectoria literaria que comezou en 1999 con “Eu de maior quero ser” e que recentemente lle valeu o premio Xerais por “Sol de inverno” e o Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil por “Ás de bolboreta”, incluído ademais na lista White Raven de 2010.

Nos últimos, só outra muller, Helena Villar Janeiro, foi pregoeira na Feira do Libro de Ferrol, no ano 2004. Nas últimas edicións os encargados da apertura deste evento foron Vicente Araguas, Suso de Toro ou Manuel Rivas.

A Feira do Libro de Ferrol, bautizada como Festa da Lectura, do Libro e da Palabra, afronta unha etapa de revitalización logo do cambio de datas, en 2008. Pasou de xuño a abril –é a primeira que se celebra en Galicia– e de novo a meteoroloxía vai acompañar a actividade, segundo as últimas previsións.

As librarías, editoriais e institucións que van participar na feira ferrolá acababan onte á tarde de colocar os seus postos para facer fronte a cinco días nos que o Cantón ferrolán será o escenario polo que pasarán autores da cidade e do resto de Galicia para presentar as súas novidades. Ofreceráse o desconto habitual –un 10%– nos libros.